



IES Eduardo Blanco Amor

Estimadas familias.

Saiu publicada o 12 de novembro de 2021 no Diario Oficial de Galicia a Orde do 28 de outubro de 2021 *pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en privados concertados no curso 2021/22.*

Criterios de concesión da axuda

Os **alumnos que foron beneficiarios da AXUDA DE MATERIAL ESCOLAR 2021/2022** adquiren automaticamente o dereito ás máscaras, **NON TERÁN QUE PRESENTAR SOLICITUDE.**

O alumnado non beneficiario das axudas para material escolar poderá presentar solicitude no centro ata o venres 26 de novembro nos seguintes supostos:

- Pertenza a familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €. (*)
- Estea matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda da unidade familiar.

() Para o cálculo da renda per cápita do exercicio fiscal 2019, sumarase a base imponible xeral (recadro 432) e a base imponible de aforro (recadro 460) e dividirase entre os membros computables da unidade familiar. (a 31/12/2019)*

Unidade familiar a efectos desta orde: os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% computará por dous. En Guarda e Custodia compartida os proxenitores formarán unha unidade familiar cos fillos en común. (a 31/12/2019)

Informarase da distribución das máscaras as familias beneficiarias coas instrucións que nos indiquen dende a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Toda a información : [ORDE do 28 de outubro de 2021 - Distribución de máscaras Curso 2021-2022](#)

Culleredo 16 Novembro 2021

Dirección